



## Proxecto “OS BOSQUES” Curso 20/21

“...No meu imaxinario infantil – como no de casi todos os nenos – o bosque ocupa un lugar privilexiado. É escenario de aventuras e está habitado por protagonistas de contos, esa estirpe maravilhosa da que todos os afortunados descendemos...”

José Antonio Marina

### Proposta da Biblioteca da Escola para E. Infantil, Primaria e Secundaria

O PDI que imos desenvolver este curso leva por título “Os Bosques”. Parte da biblioteca escolar e involucra a todos os niveis educativos e departamentos de todas as materias, sendo a temática central da nosa investigación o coidado e respecto do medio que nos rodea e, en especial, dos bosques.


### Obxectivos do proxecto

- Conseguir que o alumnado valore e respecte o bosque autóctono e a súa biodiversidade.
- Coñecer as súas características, a relación entre os diferentes seres vivos e a súa influencia na zooloxía, botánica, medicina, economía, gastronomía, historia, literatura...
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas a través dun centro de interese tan motivador como os bosques que lles rodean.
- Fomentar a curiosidade pola nosa contorna.
- Comprender a necesidade de manter condutas sostibles.

### Metodoloxía

O traballo organizarase seguindo unhas pautas metodolóxicas básicas, tales como:

- Utilización do xogo como principio metodolóxico básico, xa que os nenos/as aprenden xogando e xogan aprendendo.
- Prácticas favorecedoras do coidado ambiental.
- Fomentar o traballo colaborativo.
- O traballo relacionado coa natureza como elemento motivador para favorecer o traballo do alumnado con máis dificultades.



- Entender a educación ambiental como unha maneira de educar, que debe ir implícita en todas as actuacións que levemos a cabo no centro.

## Contidos

- A biodiversidade.
- A flora e fauna do bosque, en especial do que rodea á escola.
- Usos do bosque.
- Adquisición de vocabulario específico.
- Toma de conciencia dos problemas ambientais: sobreexplotación dos recursos, degradación do medio.



## Temporalización e suxestións de actividades para as distintas fases do proxecto.

O Proxecto desenvolverase ao longo de todo o curso escolar seguindo as fases que a continuación se detallan:

A primeira fase, durante o 1º trimestre, dedicárase á presentación e motivación e iniciaremos as investigacións necesarias para realizar o noso traballo.

Na segunda fase, que ocupará o 2º trimestre, desenvolveremos o proxecto profundizando e realizando as diferentes actividades suxeridas no apartado de desenvolvemento do proxecto.

O 3º trimestre dedicarémonos a promover unha actitude crítica e sensible cara a conservación do medio e o desenvolvemento sostible, a través de diferentes actividades como o estudo das normas e comportamento no medio natural e daremos a coñecer a toda a comunidade educativa o resultado do noso traballo, fase de divulgación.

### 1ª Fase. Presentación e motivación.

- Reunión co profesorado integrante do equipo para dar a coñecer as liñas xerais do proxecto.
- Profesorado titor e alumnado voluntario explicarán nas clases o proxecto.
- Partir das ideas previas do alumnado.
- Sensibilización cos problemas ambientais.
- Chuvia de ideas sobre esta temática nas clases.
- Lectura de contos e historias.

- Visionado dalgunha película ou corto: “O bosque animado”...

## 2ª Fase. Desenvolvemento do proxecto.

- Procura de novas ambientais nos xornais. Novas locais e de carácter global. Facemos un mural.
- Recollida do vocabulario propio do bosque. Toponimia. Creamos un libro escolma.
- A reciclaxe e a reutilización de materiais. Fixarse se a produción e consumo afecta aos bosques. Estudar etiquetado de roupa, construción de vivendas....
- Elaboración de papel reciclado.
- Recollida de receitas realizadas cos froitos do outono.
- Elaboración de manualidades diversas: con follas, paus, castañas, ...
- Horto escolar.
- Árbores froiteiras no noso patio. Que árbores dan froitos? Traballo de investigación
- Patrullas verdes: limpeza no patio do centro e concienciar ao alumnado de non tirar lixo ao chan. Apagar as luces, cada vez que a aula queda baleira.
- Saídas ao bosque próximo ao colexio, Parque de Castrelos, Parque Monte do Castro, Alameda de Vigo... para que o alumnado coñeza diferentes especies botánicas.
- Investigamos: Cada clase escollerá unha árbore (no 1º trimestre) e un animal (no 2º), tendo que facer unha exposición oral ao resto dos seus compañeiros.
- Calendario mensual: Rexistro de datos nun calendario mensual con información dunha árbore cada mes, o debuxo das súas follas e froitos. Estudamos os cambios que se producen ao longo do ano.
- Unha árbore para a miña aula: En cada aula realizar actividades para coñecer unha árbore autóctona e as súas características. Traballo de investigación, decoración da porta da aula...
- Viveiro de castiñeiros e carballos: Recoller castañas e landras e plantalas para crear o noso propio viveiro
- Lectura e creación de poemas relacionados coas árbores.
- Os cogomelos. Saída ao bosque cercano á escola para buscar cogomelos, aprender o que son e diferenciar algunhas especies. No caso de recollida facer exposición. Posibilidade dun cursiño por parte dun experto.

- Posibles charlas de enxeñeiros forestais, resineiros, traballadores da comunidade de montes... Realización de murais sobre bosques.
- Investigación sobre as diferentes especies de árbores que compoñen o noso bosque autóctono así como todas as especies que se atopan no espazo de recreo da nosa escola. Identificación das árbores do patio do colexio. Colocación de letreiros identificativos.
- Estudo da fauna que habita no bosque próximo á escola.
- Traballar as escalas e proporcións en mapas e planos de bosques.

### **Festas e conmemoracións.**

- Samaín/Halloween: Redacción de contos de medo ambientados no bosque. Sesións de porfillamento lector en liña. Poden ser contos escenificados.
- Magosto: Para ambientar o centro, decoralo con materiais propios do bosque e da época do ano, o outono.
- Día da Paz: Traballar a Wangari Maathai, Premio Nóbel da Paz, creadora do Movemento Cinto Verde, a través do que se iniciou a repoboación forestal en Kenia.
- Celebración do Entroido ambientado con temática do bosque. Confeccionar un disfraz relacionado co bosque (lobo, bufo, coello, morcego, árbores...)

### **3ª Fase. Divulgación do proxecto.**

A través de:

- Exposicións orais.
- Presentacións.
- Vídeos.
- Xogos.
- Exposicións de murais, manualidades, ...
- Gravacións.

- Podcasts.
- Obras de teatro.
- Creacións literarias...

## **Materiais e recursos**

- Ordenadores para buscar información.
- Material funxible.
- Libros sobre árbores, bosques, animais, plantas...da biblioteca da escola.
- Recursos en liña sobre a temática dos bosques e árbores.
- Vídeos.
- Material aportado por toda a comunidade educativa.
- Todo o que nos ofrece o bosque próximo á escola.

## **Bibliografía**

Bajo mi árbol. Jo Witek. Ed. Bruño

El árbol de la escuela. Antonio Sandoval. Ed. Kalandraka

El árbol generoso. Shel Silverstein. Ed. Kalandraka

Wangari y los árboles de la paz. Jeanette Winter. Ediciones Ekaré

El jardín curioso. Peter Brown. Ed. Takatuka

Pedro y su roble. Claude Levert. Ed. El jinete azul

El hombre que plantaba árboles. Jean Giono. Ed. Duomo

Los árboles te enseñarán a ver el bosque. Joaquín Araújo. Ed. Crítica

Descubriendo los bosques: Guía docente (10-13 años)

Viaje visual y sonoro por los Bosques de España. Carlos de Hita. Ed. Anaya

El bosque. Instrucciones de uso. Peter Wohlleben. Ed. Omega.



“ Na contemplación dunha árbore, poderíamos pasar enteiramente a nosa vida”

Francisco Giner de los Ríos